



SUBGRUPO A1-TEMA 11-DISCAPACIDADE-GALEGO

TEMA 11- Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social

1. En base ao artigo 1 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, esta norma ten por obxecto a garantía de dereitos das persoas con discapacidade conforme a:

- a) Os artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución española, a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e o Tratado da Unión Europea.
- b) Os artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución española, a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e os tratados e acordos internacionais ratificados por España.
- c) Os artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución española e a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

2. En base ao artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, atendendo ao principio de transversalidade das políticas en materia de discapacidade:

- a) As actuacións que desenvolven as administracións públicas comprenden as políticas e as liñas de acción de carácter xeral en calquera dos ámbitos de actuación pública, onde se terán en conta as necesidades e as demandas das persoas con discapacidade.
- b) As organizacións representativas de persoas con discapacidade e das súas familias participarán na elaboración e avaliación das políticas oficiais que se desenvolven na esfera das persoas con discapacidade.
- c) As actividades e servizos que prestan as administracións públicas deberán poder ser utilizados por todas as persoas, na maior extensión posible, sen necesidade de adaptación nin deseño especializado.

3. De acordo co artigo 3 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a normalización:

- a) Non é unha definición contida na lei.
- b) É un principio desta lei.
- c) É unha estratexia de actuación no ámbito educativo.

4. De acordo co artigo 4 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, os servizos, prestacións e demais beneficios previstos nesta lei outorgaranse aos estranxeiros:

- a) Só cando se trate de menores de idade, de conformidade co previsto na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, nos tratados internacionais e nos convenios de cooperación internacional.
- b) Só cando se trate de menores de idade, de conformidade co previsto nos tratados internacionais e nos convenios que se establezan co país de orixe.
- c) De conformidade co previsto na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, nos tratados internacionais e nos convenios que se establezan co país de orixe.





SUBGRUPO A1-TEMA 11-DISCAPACIDADE-GALEGO

5. De acordo co artigo 7 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade:

- a) Teñen os mesmos dereitos ca os demais cidadáns, coas limitacións que se autoricen conforme ao previsto nesta lei.
- b) Teñen os mesmos dereitos ca os demais cidadáns, conforme ao noso ordenamento xurídico.
- c) Teñen os mesmos dereitos ca os demais cidadáns, conforme ao previsto na Constitución española.

6. De acordo co artigo 7 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, para facer efectivo o dereito á igualdade, as administracións públicas:

- a) Promoverán as medidas necesarias para que o exercicio en igualdade de condicións dos dereitos das persoas con discapacidade sexa real e efectivo en todos os ámbitos da vida.
- b) Promoverán as medidas necesarias para que o exercicio en igualdade de condicións dos dereitos das persoas con discapacidade sexa real e efectivo en todos os ámbitos regulados polo dereito administrativo.
- c) Autorizarán, no ámbito das súas competencias, as medidas promovidas pola Administración xeral do Estado para que o exercicio en igualdade de condicións dos dereitos das persoas con discapacidade sexa real e efectivo.

7. En base ao artigo 8 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a acción protectora do sistema especial de prestacións sociais e económicas para as persoas con discapacidade que, por non desenvolver unha actividade laboral, non están incluídos no campo de aplicación do sistema de Seguridade Social comprende:

- a) A rehabilitación e a habilitación profesionais.
- b) A asistencia sanitaria, cando sexa necesaria para a recuperación profesional, sen limitación en canto á súa duración e condicións.
- c) O subsidio de mobilidade, cando sexa imprescindible para a recuperación profesional.

8. De acordo co artigo 9 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, os beneficiarios do sistema especial de prestacións asistenciais e económicas para as persoas con discapacidade que, por non desenvolver unha actividade laboral, non están incluídos no campo de aplicación do sistema de Seguridade Social:

- a) Deberán aboar a achega polo consumo de especialidades farmacéuticas.
- b) Estarán exentos da achega polo consumo de especialidades farmacéuticas.
- c) Poderán estar exentos da achega polo consumo de especialidades farmacéuticas, cun límite anual de gasto.

9. En base ao artigo 11 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a prevención de deficiencias e de intensificación de discapacidades:

- a) Constitúe un dereito dos cidadáns, non un deber.
- b) Constitúe un deber dos cidadáns, non un dereito.
- c) Formará parte das obrigas prioritarias do Estado no campo da saúde pública e dos servizos sociais.



SUBGRUPO A1-TEMA 11-DISCAPACIDADE-GALEGO

10. De acordo co artigo 13 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, os programas de atención integral poderán comprender:

- a) Toma de decisións en representación das persoas con discapacidade.
- b) Toma de decisións en representación das familias de persoas con discapacidade.
- c) Atención, tratamento e orientación psicolóxica.

11. En base ao artigo 20 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, co fin de garantir o dereito a unha educación inclusiva das persoas con discapacidade, establécese como garantía adicional que as persoas que cursen estudos universitarios cuxa discapacidade lles dificulte gravemente a adaptación ao réxime de convocatorias establecido, con carácter xeral:

- a) Poderán solicitar a ampliación do número de convocatorias, na medida que compense a súa dificultade.
- b) Poderán solicitar a exención de probas ou a adaptación dos niveis de esixencia.
- c) Poderán solicitar ampliación de prazos para completar trámites administrativos.

12. De acordo co artigo 32 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, nos proxectos de vivendas protexidas:

- a) Programarase un mínimo dun tres por cento coas características construtivas adecuadas que garantan o acceso seguro das persoas con discapacidade.
- b) Programarase un mínimo dun dous por cento coas características construtivas e de deseño adecuadas que garantan o acceso seguro das persoas con discapacidade.
- c) Programarase un mínimo dun catro por cento coas características construtivas e de deseño adecuadas que garantan o acceso e o desenvolvemento cómodo e seguro das persoas con discapacidade.

13. De acordo co artigo 38 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a orientación e a colocación en igualdade de condicións das persoas con discapacidade que se atopen en situación de busca de emprego corresponde a:

- a) Os servizos públicos de emprego, ben directamente ou ben a través de entidades colaboradoras, e ás axencias de colocación debidamente autorizadas.
- b) Os servizos públicos de emprego, sen prexuízo de que regulamentariamente se poida establecer a participación nestas actuacións de entidades colaboradoras e ás axencias de colocación.
- c) Os servizos públicos de emprego directamente.

14. De acordo co artigo 42 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as empresas públicas e privadas que empreguen un número de 50 ou máis traballadores estarán obrigadas a que, de entre eles, polo menos o 2 por 100 sexan traballadores con discapacidade. O cómputo mencionado anteriormente realizarase:

- a) Sobre o cadro de persoal de cada centro de traballo da empresa correspondente.
- b) Sobre o cadro de persoal total da empresa correspondente, sen que no devandito cómputo se inclúan os traballadores con discapacidade que se atopen en cada momento prestando servizos.
- c) Sobre o cadro de persoal total da empresa correspondente.

SUBGRUPO A1-TEMA 11-DISCAPACIDADE-GALEGO

15. De acordo co artigo 45 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, os centros especiais de emprego para a inclusión laboral das persoas con discapacidade:

- a) Poderán ser creados tanto por organismos públicos e privados coma polas empresas.
- b) Só poderán ser creados por organismos públicos.
- c) Só poderán ser creados polos servizos públicos de emprego, ben directamente ou ben a través de entidades colaboradoras.

16. De acordo co artigo 37 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade poden exercer o seu dereito ao traballo a través dos seguintes tipos de emprego:

- a) Emprego protexido, en centros especiais de emprego e en enclaves laborais.
- b) Emprego protexido nas empresas.
- c) Emprego protexido nas administracións públicas.

17. De acordo co artigo 51 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, os servizos de centro de día e de noite:

- a) Poderán ser promovidos polas administracións públicas, polas propias persoas con discapacidade e polas súas familias, así como polas súas organizacións representativas.
- b) Teñen como finalidade facilitar aloxamento e vivenda, así como previr a intensificación de discapacidades.
- c) Deben facilitar asistencia sanitaria ás persoas con discapacidade e ás súas familias, así como o coñecemento das prestacións e servizos ao seu alcance.

18. De acordo co artigo 55 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, o Consello Nacional da Discapacidade:

- a) É o órgano colexiado interadministrativo, de carácter consultivo, no que se institucionaliza a colaboración entre as comunidades autónomas e a Administración xeral do Estado.
- b) É o órgano colexiado interministerial, de carácter consultivo, no cal se institucionaliza a colaboración do movemento asociativo das persoas con discapacidade e as súas familias e a Administración xeral do Estado.
- c) É o órgano colexiado de coordinación das políticas públicas en materia de discapacidade no ámbito da Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas.

19. De acordo co artigo 56 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, colaborarán coa Oficina de Atención á Discapacidade:

- a) As organizacións, entidades e asociacións de utilidade pública máis representativas das persoas con discapacidade e as súas familias.
- b) As comunidades autónomas e as entidades locais.
- c) As entidades locais e as organizacións, entidades e asociacións de utilidade pública máis representativas das persoas con discapacidade.



SUBGRUPO A1-TEMA 11-DISCAPACIDADE-GALEGO

20. De acordo co artigo 58 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, o financiamento das distintas prestacións, subsidios, atencións e servizos contidos nesta lei efectuarase con cargo a:

- a) Os orzamentos xerais do Estado.
- b) Os orzamentos xerais do Estado, e aos das comunidades autónomas e entidades locais, de acordo coas competencias que lles correspondan respectivamente.
- c) Os orzamentos xerais do Estado, e aos das comunidades autónomas, de acordo coas competencias que lles correspondan respectivamente.